

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2024**

Ás 16.39 horas do día 17 de xuño de 2024, reúnese a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Xosé Miguel Pérez Blecua

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 23 DE MAIO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de maio de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos do día 23 de maio de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 3/2024 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DO ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DUN CRÉDITO ORZAMENTARIO.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

Intervén a **interventora accidental** para aclarar as dúbidas respecto á non dispoñibilidade de crédito incluída na proposta.

Non se producen máis intervencións e co voo favorable do Grupo Popular (6) e de DO (2) e a abstención do Grupo Socialista (4) e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 3/2024 de modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial, mediante suplemento de crédito por importe de 50.000 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, co seguinte detalle:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario	Obxecto	Importe
34111/48099	Club deportivo náutico Castrelo de Miño	Gastos inherentes á xestión, explotación, montaxe, desmontaxe, almacenamento, mantemento e conservación do pantalán de Castrelo de Miño	50.000,00 €

2º.- Acordar a non dispoñibilidade do crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 34111/22608 por importe de 50.000 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orxamentaria	Descrición	Importe non dispoñible
34111/22608	Fomento do deporte. Actividades deportivas	50.000,00 €

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA RECLAMARLLE AO GOBERNO DE ESPAÑA UN REPARTO EQUITATIVO DOS FONDOS NEXT GENERATION AOS CONCELLOS.-

D.^a Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da moción presentada.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que é un tema que xa temos debatido nesta Corporación e que a realidade é que os fondos non lles están chegando aos concellos medianos e pequenos. A isto súmanse outros problemas como son os retrasos nos pagos das subvencións, especialmente pola Xunta de Galicia, e a non concesión de anticipos, o que provoca fortes tensións de tesourería ás entidades locais á fin de cada exercicio. Entende que os fondos Nex son unha especie de carreira de obstáculos para os concellos e só beneficia ás grandes cidades. Por último, engade que aínda que está de acordo coas propostas de acordo da moción, esta xa chega tarde.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, comeza indicando que comparte as afirmacións realizada polo portavoz do BNG respecto ás subvencións da Xunta de Galicia. Respecto ao Estado indica que si existen criterios obxectivos para o reparto dos fondos Nex en todas as convocatorias, se ben recoñece que é difícil acceder a eles para os medianos e pequenos concellos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- 1.- Instar ao Goberno de España a que cambie o modelo aplicable no reparto dos fondos Next Generation para que poidan chegar a todos os concellos mediante unha distribución con base en criterios obxectivos.
- 2.- Contando que se atenda o cambio no modelo de reparto dos fondos con base en criterios obxectivos, instar ao Goberno de España a unha ampliación do prazo de solicitude e xustificación destes, para poder levar a cabo a totalidade dos proxectos.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda fórmulanse as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, intervén para agradecer a nota informativa que se elaborou para facilitar a tramitación das modificacións do Plan Cooperou.

E, ás 16.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.